




1000

# nós.





BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO  
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO  
Alfonso R. Castelao

DIREIÇÃO E REDAUCIÓN  
Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:  
Real, 36 1.º - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

*Pagos adelantados*

Este boletín non publica mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

*A Espada Escalibor*, por RAMÓN CABANILLAS.

*Encol da Morfoloxia das Vilas Galegas*, por RAMÓN OTERO.

*A Nosa Ortografía*, por ANTONIO COUCEIRO-FREIXOMIL.

*A Lenda de San Ero*, por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.

*A Edade do Ferro na Galiza*, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.

LEA VOSTEDE

**A NOSA TERRA** IDEARIUM DAS IRMANDADES

Administración Real, 36 - A Cruña





BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VII ★ Ourense 15 Xaneiro 1926 ★ Núm. 25

## A ESPADA ESCALIBOR

(DUAM)

Kaerleón, a cidade das pedras milenarias,  
ergueitas pol-os dioses vencidos das pregarías,  
a do ferro baído por varudos guerreiros  
ás proféticas voces de oslánicos trovelros,  
a cidade dos nobres, raciaes prestixios,  
bicada do misterio, frorecida en prodixios,  
onde as místicas forzas d-unha espranza e d-un sono  
apiñando unha raza son asento de un trono,  
afundida na sombra salaia latexante  
ô arrolo do Uska fervente e resoante,  
mentras voa, calndo, a neve silenzosa  
en folerpas miudas como follas de rosa.

Mediou a noite sagra da festa do Nadal  
e o xentío enche a nave da vella catedral.  
É o povo que levado das iras do Destiño  
seguindo o rumbo fúlxido do sol no seu camiño,  
tramontando da Europa as fragorosas serras  
dende os castros azúes e as verdecetes terras  
das fontes do Danubio, inquedaado, esitante,  
atravesóu a canle do bravo mar de Atlante,  
e arribóu ós rochedos que o misterio druida  
siñalara por lindes da terra prometida,  
da terra en que repousa afiando as espadas  
para as novas, variles e sangrentas xornadas,  
que os gálicos bardos das arpas armoñosas  
xa anunciaron os tempos das loitas fazañosas.

Mediou a noite sagra da festa do Nadal  
e fulxe beixo a neve a vella catedral.

Pol-os longos vidrales e os outos rosetóns,  
 e-os brados pregadores de salmos e oracións  
 a luz saíndo a feixes en fíos e lampadas  
 aloumiña as imaxes no tímpano labradas,  
 esténdese nos lenzos das paredes espidas,  
 doira entallas e follas nas columnas froridas,  
 fai brincar os refrexos dos forxados de aceiro  
 nos cornos e nas poutas das gargolas do azeiro,  
 encende as verderolbas cristiáñas adoadas  
 que dos santos de pedra esmaltan as coroas,  
 en regos lumiosos as cornisas percorre  
 e alongando as ríolas rube á outura da torre,  
 Toda luz de miragro e pregante rumor,  
 cuberta de folerpas, a casa de El Señor  
 ergueita no albo circo da longa escalinata  
 semella un cáliz d-ouro baixo un cendal de prata.  
 Estalan con balbordo de trunfadores hinos  
 no esguío campanario os aironantes sinos,  
 e os tanguidos de gloria van decindo no vento  
 a nova redentora do santo nacemento.  
 A bradar sai do templo a grea relixiosa  
 e, súpeto, detense pasmada e silenzosa.  
 Namentras as campanas voltexan na outa torre  
 a xente, inqueda, sinte que pol-o adro corre  
 un resprandor bermello de encantamento sagro  
 e escolta a voz que zoa nas horas de miragro.

N-un nimbo lumioso xurde o bardo adiviño  
 envolteito en brancuras recendentes de liño,  
 ollos gazos profundos, longa barba frorida,  
 cingue a frente co-as edras da coroa druída  
 e na man, que reloce como un lirio bendito,  
 ten a fouce de ouro do litúrxico rito,  
 a fouce segadora da madrágora, ó rato  
 de feitizo e de agoiro dos luars de Malo.  
 É Merlín o profeta, o celta armoricán  
 dos silvos e das lumias ollado por irmán,  
 sabidor dos encantos e os máxicos conxuros  
 das virtudes das erbas e dos fados escuros  
 que nos craros dos bosques e os baixíos costeiros  
 deprendeu o diviño languaxe dos luceiros;  
 o bardo das edades, o da segreda cencela  
 que a terra fixo súa, impóndolle obediencia  
 ás agoas da riada, ós rochedos do cume,  
 ás nubes da tormenta, á ardentía do lume.  
 Imponente, amostrando nativa maxestade,  
 na mirada un sereo craror de eternidade,  
 ten ós pés, cruz de ouro, folia núa afiada,  
 sobre o manto da neve unha fúlxida espada.  
 Aceiro puro e virxe das entranas da terra,  
 e-os lumes sideraes das estrelas en guerra

nas fragas treboantes dos lóstregos forxado,  
que no dolmen batido e no Xordán temprado,  
folle dado a unha raza de homes sans é valentes,  
cabeceira de povos, guladora de xentes,  
para impor unha crenza, sinalando o camiño  
que por riba dos tempos leva o trunfo diviño.  
Erguelto como o pino que as outas nubes fende,  
os brazos sarmentosos o bardo ós ceos tende  
e escóitase na noite solene resoar  
a sua voz bruante sonora como o mar.

Baixo a dozura do ceo  
da nobre Galicia irmán,  
onde pol-a nosa gloria  
inda dolrando o fogar  
vive aceso o lume sagro  
dos craros días do clan,  
hai unha illa encantada  
de rochedos de coral,  
esmeralda verdegaia  
ó resprandor do luar,  
bicada de manseliftas  
ógoas de limpo cristal  
nas que as sirenas ensaian  
seu namorante cantar  
mentras os pinos lanzaes  
escoltan voces leviáns  
que chegan esmorecidas  
do misterio de alén-mar,  
Amada dos vellos dioses  
mortos e esquecidos xa  
que Sálvora lle chamaron  
afeitos n-ela a topar  
repouso doce e tranquiño  
de celestiaes afáns,  
inda está fendida a escala  
que baixa do ceo ó chan  
envolvela e recuberta  
de bretemoso cendal  
feito de rendas garnidas  
por diviños teceláns.

Nunha furna que galgantes  
zarran as ondas do mar,  
apreixada nas firentes  
poutas d-un águia real  
gardada por un dragón  
de alento que é solimán  
brilaba a fúlxida espada de  
Escalibor, o trunfal  
aceiro da heroica idade  
cantada por Ossián,  
que ten de ser sobre a Terra,

ergueita en céltigas mans,  
símbolo, florón e escudo  
da Cruz, do Amor e da Paz,

De beizos de Taliensin  
honra da raza de Celt,  
que na debesa dos bardos  
por seu herdeiro me unxeu,  
fóronme ditas as verbas  
de encantamento e poder  
con que a inorada ribeira  
de áreas de ouro alcancéi.

Aberta a furna segreda,  
à hora do estrelecer  
na arpa das nove cordas  
a liberdade preguéi  
do povo por Dios chamado  
o seu lábaro a sostér.  
Ardendo en chamas bermellas  
o dragón morto caíeu  
e o águia de azas abertas  
ras do escumoso ferver  
das verdes ágoas, voando  
foise perdendo no alén.  
Como raiola de lúa,  
cravada en terra, a tremer,  
ficou o máxico aceiro  
que está tendido ós meus pés,  
Valeiro o céltigo trono  
o Ceo disposto ten  
que seia nobre ou pecheiro  
o que a espada poida erguer  
en trunfo e gloria da raza  
cinga a corona de Rei.

Cando o bardo profeta recadou en silencio  
foi aberto o xulcio e a proba deu comenzo.  
Con esforzo xigante, pol-a cruz aferrada  
un a un os mais fortes erguer queren a espada  
mais vencidos, maltreitos, decaídos na arela  
todos renden o pelto sin que alcancen movela.

Alí foron crebados esforzo e poderío  
das ponlas mais louzanas do vello señorío:  
Cumar, a lanza forte de encastelado asento  
na Armórica mariña do ceo neboento;  
*Caruth*, rubí queimante da castie de Fingal  
temido por ousado, querido por leal,  
que as frechas voadoras defén no seu camiño  
e nos cumes esalia o águia no seu niño;  
o nobre Bedivere, o cabaleiro fiel  
forteza de carballo e dozura de mel;  
Brásidas valeroso, a quen Brigo dou vida



na Galicia paterna, de sona escarecida,  
 loitador a coitelo, sin escudos nin mallas  
 brazo a brazo e-os osos nos pinales de Xallas.  
 Ali foron, da forza do miragro rendidos  
 de Erin e Caledonia os mozos mais arditos  
 Incensado, entre os coros, o palio arcebispal  
 adianta pol-a nave da santa catedral,  
 e cuberto de rendas e de báculo alzado  
 sobre o peito tremente Xesús crucificado,  
 nos beizos doorida fervorosa pregaría  
 o prelado benzoa a espada lexendaria  
 e á veira d-ela, orante, agarda o triunfador  
 que a erga en ben da raza e en honra de El Señor

De novo os cabaleiros mais variles e bravos  
 os mais rudos vilegos e os mais rexos escravos  
 apreixan con firmeza o máxico mandobre:  
 no circo sobre a neve tendido flea inmobre,  
 mentras vendo afundirse os seus sonos de gloria  
 e a dos tempos antigos fazañosa memoria  
 o xentío, frebento, n-un cramor relixioso  
 prega ós ceos o brazo d-un heroi miragroso.

Lanzal gallo frorido no tronco da realza  
 ó par escarecido no berce e na forteza,  
 o orfo do rei Uther, o príncipe varudo  
 chamado a ser do reino a columna e o escudo  
 que no albor da mais leda garrida mocidade  
 e espello ledizoso de honor e lealtade,  
 adliántase, e ós ventos o airón enloitado,  
 o xubón en sinxela fina malla trezado,  
 as esporas calzadas, encendido no peito  
 o ardor que pon o ceo no unxido e no escolleito  
 sin divisa guerreira nin retorzo de guante  
 chege ó circo do sagro cramar escintillante  
 apreixa o puño de ouro aceso en resprandores,  
 o pensamento en xuro da fé dos seus maiores,  
 e alzando á outura a nobre lumiosa mirada  
 ó povo axoellado amotra a rexa espada  
 que ergueita docemente abala na sua man,  
 como pruma sosida d-un ventño levían.  
 Seguro da diviña e triunfadora axuda  
 con brados de ledicia o xentío saúda  
 ó forte mozo esgrevío en quen presinte o Rei  
 que imporá ó mundo enteiro o lábaro e a lei  
 que teñen os da caste varil de Pendragon  
 azas fortes de águia e poutas de león.

A neve recollendo seus cendales de novla  
 deixóu ver das estrelas a fúlxida luz roiba,  
 balidos os badales de anxélicos sineiros  
 verteron na cibdade soidos milagretros  
 e en honor e loubanza da mística vitoria  
 resoóu ceo adiante un cántico de gloria.

O príncipe triunfante na catedral é entrado  
e das cêlfigas xentes novo Rei coroado  
no entanto que deixando un raio ardente e louro  
na escuridade aberto pol-a fouce de ouro,  
o profeta que a verba de Taliensin unxéu  
e a espada defensora da Raza conquiréu,  
o bardo de ollos gazos e da barba frorida  
desparece en silencio na noite estrelecida.

Rei Artur de ollos pechos n-un ensoño diviño  
pide forzas ó ceo para dar c-o camiño  
e nestora solene de visión sagra e fonda,  
descorridos os velos veu a Taboa Redonda  
a lexión triunfadora, a bélica irmandade  
que ten de ser nos séculos blasón da cristandade.

Cando a espada cinguida e na frente a coroa,  
cubizando sosego, o estrado abandoa  
e na porta dos reises entre os nobres parece,  
linda dona ó seu paso unha rosa lle ofrece.  
Pol-o doce presente un instante delido  
sinte o neno e sinxelo corazón malferido  
que o Amor, da doncela no brial en axexo,  
enchautóulle na entrana o seu dardo mais rexo.  
Lirio de ouro frorido no varal miragroso  
do nobre Cournuailles antigo e prestixioso,  
mais belida que as rosas de Sarón ten a cara  
a princesa lourifia, a xentil Guanhumara,  
Mais belida que as rosas de Sarón a princesa  
leva a alma en rencores criminaes acesa.  
Non darán fror tres veces as campias de Tura  
sin que o trono se vexa anegado en tristura,  
que a vegada de loito e dolor se aveciña  
en que o Rei ten de alzala por señora e raíña,  
e, cinguida a coroa por soberbia arelada,  
a pureza do leite ten de ser enlixada  
da treición de Medraldo, a serpe pezoñenta  
que no furo sombrizo do seu peito adormenta.

Ó vir o día esperta do seu sono a cibdade  
doirada por festeira ridora caridade.  
E unha verde esmeralda o mar raso e tranquílo  
e vereda de prata son as ágoas do río.  
As nubes no ourizante finxen rendas de seda  
é ten soes das arpas o rumor da arboreda.  
Dende as fontes de Uska, a voar, a voar  
pol-a comba do ceo sobre o espello do mar  
vese a águia imperante que na illa encantada  
por mandado segredo tivo a máxica espada  
e no ar recendente da mañán lumiosa  
vai rubindo, rubindo, feita cruz, maxestosa,  
pol-o azul diamantino e das nubes encol,  
e afundirse nos ouros encendidos do sol!

RAMÓN CABANILLAS





## A NOSA ORTOGRAFÍA

# De certas adiciós, supresiós, troques y-enlaces de letras

**S**EGUIREMOS hoxe as comenzadas ouservacións sobre a nosa ortografía. O novó punto a tratar serán certas adiciós, supresiós, troques y-enlaces de letras, producidos por razón de eufonía, y-a maneira de representar todo elo.

**Adiciós.**—Compre parar mentes nas que siguen:

1.º As formas verbás terminadas en ditongo e seguidas dos pronomes *o, a, os, as*, intercalan sempre *n* entre o verbo y-o pronome. Exemplos: *levou-n-o, hai-n-a, collerei-n-o, deixarei-n-as*.

2.º As formas verbás terminadas en *a* tónico e seguidas dos pronomes *o, a, os, as*, intercalan sempre *y* entre o verbo y-o pronome. Exemplos: *está-y-o, haberá-y-a, andará-y-os, terá-y-as*.

3.º Entre o artículo femenino de singular y-os nomes que empezan por *a* tónico é xeneral intercalar un *y*. Exemplo: *a y-alma a y-auga, a y-ama*.

Nólese que as adiciós verificanse sempre nos casos primeiro e segundo, mentras que no terceiro non socede así: tolérase tamén o hiato de *a alma, a auga, a ama*.

As adiciós obrigadas, ou sexan as dos casos primeiro e segundo, n'é mester reseñalas con ningún sino especial na escritura. A ortografía

que procede adoutar é, pois, ésta: *levouno estayo*.

Convén, en troques, indical-a adición do *y* eufónico do terceiro caso a medio de un guión que veña dar á entender que a necesidade de tal *y* impona o *a* tónico inicial da palabra seguinte, cá que sona para evital-o hiato: *a y-alma, a y-auga*.

Unha ouservación aínda: algúns escriben *a i-alma, a i-auga*, e tamén *estaio, haberáio*; e nós consideramos que cando o son *i* fire a unha vocal, aquel son é rigorosamente *consonante* e, pol-o tanto, procede empregal-o y consonante ou grego.

**Supresiós.**—Prescindindo dos casos de contracción e supresión xa esfruíados no noso artículo anterior relativamente ó apóstrofo, aquí tócanos considerar estes:

1.º Moitas palabras que acaban en *n*, sobre todo pronomes, verbos, adverbios e conxuncións, cando se empregan diante de términos que empezan por *m*, especialmente a pronome *me*, perden ás veces aquel *n* na pronunciación, en particular na do vulgo. Exemplos: *non sel que(n) mo dixu, no(n) mo pideu, ni(n)mo falou, te(n)mo na casa, ve(n)me traguel-o adival, b:(n) mo ten mandado, falaro(n)me, contáro(n)ma*.

2.º As mesmas palabras do caso anterior

poden perder o *n* derradeiro na pronunciaión, especialmente na vulgar, cando van inmediatamente antes de outra palabra que empezan tamén por *n*. Exemplos: *anda(n) no monte*, *come(n) no regazo*, *a nós sirve(n) nos iles*, *a nós dixéron(n) nos que non viñades*, *no(n) nos víron*, *no(n) nos atoparon*.

3.º As formas verbais de primeira persona de plural perden sempre o *s* diante o pronome *nos* átono. Exemplos: *quentémo(s) nos*, *imo(s) nos*, *librámo(s) nos*.

Vexamos agora o que da consideración dos casos ditos se desprende para a escritura:

a) A perda do *n* no primeiro caso é mais ben un vicio da pronunciaión, ó que tampouco é estraño o castelán, según pode ouservarse n'este exemplo: *te(n)me el lápiz*. Pol-o de hoxe non cabe admitir que o son de ese *n* deba desaparecer na pronunciaión correcta, como igualmente ninguén defende esa desaparición no castelán. Trátase de unha elisión popular, do vulgo, semellante a tantas outras, que inda non ten os debidos alcances para constituir unha lei de lingoaxe e que, pol-o mesmo, xa que non está autorizada no ben falar, tampouco debe praficarse na escritura.

b) N'algús dos exemplos aducidos no segundo caso, a perda do *n* pode orixinar confusións: así, dicindo simplemente *anda(n) no monte*, non sabemos, ó calar o *n*, si se fala en terceira persona de singular ou plural. Dende logo, n'estes casos dúbidosos non procede deixar de figurar o *n*: escribindo e pronuncian-do *sírvennos* queda perfectamente craro o sentido da expresión, que ten moita mais importancia que o mal parecer de dous *enes* xuntos. Pasa no castelán coa pronunciaión de términos así, o mesmo que na nosa fala, e non por eso se pensou en suprimir o *n* na escritura. Varía a cuestión no tocante ás frases *no (n) nos víron*, *no (n) nos atoparon*: aquí é completa a desaparición do *n* no falar tanto vulgar coma culto, sin que, ademais, se siga a menor confusión de non espresalo graficamente; en vista do que deberáse escribir *no-nos víron*, *no-nos atoparon*.

c) A perda do *s* no terceiro caso é sempre forzosa. Así, pois, se feguerá na escritura, sin indicación algunha de tal supresión *quentémos*, *imonos*.

**Troques.**— Os troques de letras que aquí nos importa examinar son:

1.º O da conxunción *e* en *y* diante de palabra que empeza por vocal. Exemplos: *os homes y-as mulleres*, *aguaciles y-escibanos*. Algús n'ouservan este troque, imposto pol-a eufonía, o que convén indicar na escritura dándoo a entender, como o fixemos, por medio do guión.

2.º O das letras finás *s*, *r* en *l* diante *o*, *a*, *os*, *as*, troque que non sempre é obrigado, a saber:

a) Nas formas verbais acabadas en *s* trócase este sempre en *l* diante os pronomes *o*, *a*, *os*, *as*, (*comíchelo*, *pidíchelás*) y-acostuma a faguerse ese troque cando *o*, *a*, *os*, *as*, son artigos (*íremol-os dous = iremos os dous*, *ti él-o demo = ti es o demo*).

b) No mesmo caso que as formas verbais acabadas en *s* están as que levan os pronomes enclíticos *nos*, *vos*, *lles*, sendo, pol-o tanto, obrigado o troque de *s* en *l* diante *o*, *a*, *os*, *as*, pronomes (*cóllenllos fíxovola*) e xeneral cando *o*, *a*, *os*, *as*, son artigos (*pídeunol-a corda = pideunos a corda*, *dinlles-as navallas = dinlles as navallas*).

c) Os infinitivos trocan sempre o *r* final en *l* diante *o*, *a*, *os*, *as*, pronomes (*chamal-os y-é corrente que se faga o mesmo troque diante o*, *a*, *os*, *as*, artigos (*buscal-a muller = buscar a muller*, *muxíl-as vacas = muxir as vacas*).

d) Algús nomes y-adxetivos acabados en *s* ou *r*, os pronomes *nos = nosoutros as*, *vos = vosoutros-as*, certos adverbios como *mais*, *mentras*, algunhas preposicións como *por*, *tras*, a conxunción *pois*, etc. trocan correntemente o *s* ou *r* finás en *l* diante *o*, *a*, *os*, *as*, sexan pronomes ou artigos (*Díol-o deu*, *cantol-o víron*, *pol-a lumieira*, *mentral-os deixaron*, *ambal-as partes*, *tral-as mozas*, *vol-os namorados*, *postol-os vistidos*).

¿Qué deducións ortográficas se sacan de estes troques de *s*, *r* en *l*?

Convén ter en conta que na nosa lingoa forman os pronomes enclíticos unha soia palabra co verbo, según ocorre tamén no castelán. Escribírase, pois, o pronome xuntamente co verbo, haxa troque ou non: *comíchelo*, *cóllenllos*, *chamalas*.

O artigo nunca se escribe xuntamente co

verbo; e no caso de haber troque de *r* ou *s* en *l* diante os artigos *o*, *a*, *os*, *as*, como tal troque está condicionado por estes artigos, que ademais han de ir soparados, debe interpoñerse un guión entre o verbo y-eles: *buscal-a muller*, *tremol-os dous*.

As palabras que non sexan verbos ante postos a *o*, *a*, *os*, *as*, tampouco se escriben nunca xuntamente co-istas formas, tanto que desempeñen papel de pronomes coma de artigos, si, pois, aquelas palabras acaban en *s* ou *r* hai que trocar estas letras en *l*, é preciso o guión intercalado entre elas y-as formas *o*, *a*, *os*, *as*, que condicionan o troque: *Díol-o deo*, *pol-as lumieiras*.

**Enlaces.** — O único enlace que aquí procede ter en conta é o do *n* final de algunhas palabras coma *ben*, *non*, *nin*, *quen*, *tamén* diante *o*, *a*, *os*, *as*, cando hai que destrull-a nasalidade do dito *n*. Este enlace procede indicalo c'un guión: *non-o viron*, *quen-as pillara*, *ben-o dixo*, *nin-o souben*, *ben-a amocou*.

**Concrusións.** — Resumindo, estabreceremos que se denotará a medio de un guión — ademais da xuntanza da preposición elíptica *co*

cós personás y-os demostrativos, punto xa estudiado no noso artigo do número pasado:

1.º A intercalación do *y* eufónica entre o artigo *a* y-os nomes que empezan por *a* tónico (*a y-alma*, *a y-auga*).

2.º O troque da conxunción *e* en *y* diante palabra que empeza por vocal (*os homes y-as mulleres*).

3.º A perda do *n* derradeiro de *non* diante o pronome *nos* (*no-nos viron*).

4.º O troque en *l* do *r* ou *s* finás das formas verbás diante os artigos *o*, *a*, *os*, *as* (*buscal-a muller*, *comichel-o pan*).

5.º O troque en *l* do *r* ou *s* finás de algunhas palabras (varios nomes y-adxetivos, os pronomes *nos* = *nosoutros-as*, *vos* = *vosoutros-as*, adverbios como *mais*, *mentras*, preposicións coma *por*, *tras*, conxuncións coma *pois*, etc.) diante *o*, *a*, *os*, *as*, sexan artigos ou pronomes (*pol-os camiños*, *nol-os padriños*, *moitol-os chamaron*).

6.º O enlace do *n* derradeiro das palabras *ben*, *non*, *nin*, *quen*, *tamén*, etc., con *o*, *a*, *os*, *as*, cando o dito *n* perde a súa nasalidade (*non-o chaman*, *non sei quen-o dixo*).

ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL







## A LÉNDIA D'ARMENTEIRA

(NOTAS DE FOLK-LORE)

(Conferencia dada no Seminario de Estudos Galegos, a 5 Nadal 1925).



Na nosa primeira conferencia deixamos sinalado o orixen das características d'ista bella historia e falamos da súa incrustión no conxunto de lèndas medievas que tencionan amóstrare a diferenza

do tempo e da eternidade, valéndose da coñecida observación do longo que é o tempo do dór i-o curto que topamos o tempo de lelicia. Todo un ciclo de lèndas de dormentes, de descrições do Paraíso e de viaxes en procura d'él, forxouse carón seu. Suas derivacións foron moi estudadas por Hertz (1), Köhler (2), Graf (3), D'Ancona (4), Ozanam (5), e en xèral por todol-os tratadistas das fontes le-xendarias da Diviña Comedia; teñen un gran espallamento, unha profusa literatización i-o

meirande intrés pra nós, sexan ou non debidas a influencias orientaes e islámicas, teñan ou non un fondo gaélico.

A lènda da Armenteira é do tipo das lèndas de dormentes que Asin e Palacios, á vista da obra de Graf, caracterizou d'iste xeito (1):

I.º Os protagonistas, monxes ou príncepes, visitan o paraíso terreal e ô tornar ôs seus fogares, coidan que a súa ausencia durou curtas horas en breves días, cando xa teñen fuxido anos e aínda séculos.

II.º En secuencia, os protagonistas pásmanse ô ollaren os troques en edificios, persoas e cousas.

III.º Danse a coñecer, mais ninguén os recoñece, senón que os teñen por tolos ou bêbedos.

IV.º Por fin consiguen demostrala súa personalidade, ben pol-a testemuña d'algún vedaño que vagamente lembra o seu nome e desaparición, ben pol-a axuda de vellos libros de memorias onde se garda nota da súa existencia.

Respeite ás lèndas d'iste ciclo, pode, ô meu ver, faguerse certa ordeazón, distinguindo o senso corporal ô que o pracer do ceo se dirixe. Eísi teremos:

1.º *Pol-o gusto*. Barón e Arin conta que un cabaleiro invitado por un amigo seu, ô con-

(1) WILHELM HERTZ—*Deutsche Sagen in Elsas*, Stuttgart, 1872, pax. 265 s. s.

(2) REINOLD KÖHLER—*Germania*—II, 432, e tamén na *Zeitschrift für deuts philologie*, XIV. Prometen un estudio posterior.

(3) GRAF—*Miti, leggende e superstizione del medio evo*—Arturo Graf—Torino, Loescher—1892-3.

(4) D'ANCONA—*I Percursori di Dante*—Firenze, Sansoni, 1874 *studi di critica e storia letteraria*, pax. 319.

(5) OZANAM—*Des sources poetiques de la Divine Comedie*, Apud *Oeuvres completes de Ozanam*, tome V, Paris, Lecoffre, 1889.

(1) ASIN PALACIOS—*La escatología musulmana en la Divina Comedia*, Madrid, Maestre, 1919—pax. 276-281.

vite da groria, e tendo tomado un solo manxar, cando tornou ó seu pazo, topou todo trocado, e no seu canto, un mosteiro, pois tiñan fluxido 240 anos (1).

2.<sup>o</sup> *Pol-a vista*. Luzel recolleu unha variante, moi importante do conto bretón «o pastorinho que foi levar a carta ó Paraíso». N-ela, Joll ponse os anteollos de San Pedro e no mesmo instante en que olla por eles, pasan cinco centos d'anos (2).

3.<sup>o</sup> *Pol-o ollato*. Non pode distinguirse lenda especial, mais nas que non especifican o senso, aparecen as froles recedentes, como logo ollaremos.

4.<sup>o</sup> *Pol-o ouvido*. É o tipo da lenda da Armenteira. Sendo a música o mais espiritual pracer e a arte mais adoitada a sere símbolo da harmonía cósmica e da beleza divina, como na primeira conferencia deixamos dito, non ten de estrano qu'iste grupo sexa o de mais difusión e literalización.

Podemos recoller algunhas localizacións:

*Portugal*. - Localízase no mosteiro de Vilar de Frades, fundado por San Martiño Dumense e reedificado por Sueiro Guedes, neto de D. Arnaldo de Bayao nas abas do monte Ayro, sito na provincia do Miño. Primeiramente foi dos monxes bieitos, mais D. Fernando da Guerra, Arcebispo de Braga, doouno ós loyos, coengos de San Xohan Evanxelista ou do hábito azul. A lenda aparés vinculada a iste troque de donos, i-o frade - un santo abade bieito - topa no mosteiro cando torna, ós coengos. Respeitive á cronoloxía, tópase moita diversidade, pois mentras o eruditísimo Bluteau (3) no seu Vocabulario, o P. Francisco de Santa María en *O ceo aberto na terra*, Fr. León de Santo Tomás (1644) na *Benedictina Lusitana*, e tamén a *Nobiliarchia Portugueza*, dan por tempo do ensono do monxe 70 anos - número de porida - outros autores como Pinho Leal (4) dan cento e tantos, i-o P. Manuel Fernández chega a trescentos (5).

Como derivación literaria do melrande interés podemos citare a lenda do P. Manuel Bernardes, moitas vegadas reproducida e que se topa nos *Tratados varios* (1).

De somellanza c'a d'Armenteira, a lenda portuguesa tivo a súa derivación iconográfica. Pinho Leal fala das fermosas capelas feitas no horto do mosteiro pol-os congregados e conta entre elas a do paxariño, ergueita no sitio en que o abade o ouzou. Ista ermida foi estrizada - e probabelmente co-ela a imaxe que tiña - pol-o primeiro dono do mosteiro, moito dempois da extinción das ordes relixiosas.

Th. Braga, aínda que non recolle ista lenda nos seus *Contos tradicionais do povo portuguez*, cita nas notas da edición das *Cântigas* feita pol-a Academia hespañola (2). Pódense consultar as *Historias de Frades* de L. da Assunção i-o libro de José Joaquín Nunes, *O monxe e o pasarinho*. Respeitive ó mosteiro véxase o *Portugal* de Rodrigues i-Esteves Pereira (3).

*Navarra*. Cántase de San Virila, abade lewendario do mosteiro de San Salvador de Leyre.

Iepes (4) nota que o nome d'iste abade non se topaba na lista que lle mandou Fr. Benito de Osta, distinta pol-o menos nas eras, da contida no *Compendio historial* de Garibay (5), e di que debe sere anterior a D. Fortunio (832), primeiro que n-ela aparés, e fala da verisimilitude de que tivera vivido denantes do tempo d'Inigo Arista. Logo conta que a súa festa celébrase con moita solemnidade no dito mosteiro, e que no lugar de Terma gárdase como día de vagar por eisisir n-él unha fontenla moi abundosa e de boa i-auga, na metade d'un bosque, chamada a fonte de San Viril. Mais con todo isto, Iepes non conta o caso, nin ningún dos que de tal abade se refiren. «porque después que se han contado las virtudes, penitencias y mortificaciones de los Santos, son (os brodixios) el esmalte que cae muy bien sobre el oro» e como non ten a súa

(1) BARÓN y ASÍN—*Luz de la fe y de la ley*—Madrid 1774, paxina 333, cap. LXV, lib. IV.

(2) LUZEL—*Légendes chrétiennes de la Basse Bretagne*—Paris, Maissonneme, 1881 - t. II, pág. 240.

(3) BLUTEAU—*Vocabulario portuguez e latino*—Lisboa, de Silva, 1721 - t. VII, pág. 403.

(4) PINHO LEAL—*Portugal Antigo e Moderno*—Lisboa, Favares, 1886, t. XI, pág. 1225.

(5) FERNANDES—*Alma instruída*, Lisboa, 1690, pág. 988.

(1) BERNARDES—*Tratados varios*—t. III, pág. 4. Vd. C. ALLET—*Selecta Lusitana*—Ed. 19, pax. 148.

(2) R. A. E.—*Cântigas de Don Alfonso el Sabio*, Madrid, 1889, vol. I, XLIX.

(3) ESTEVES PEREIRA E G. RODRIGUES—*Portugal*, Lisboa, 1815, t. II, pág. 3519.

(4) YEPES—COSS, t. III, fol. 74 a 85.

(5) GARIBAY—*Compendio historial* lib. 29.

vida milagros raros y estupendos así a secas non s'estreve a poñelos, que moi ben s'espile a crítica cando se non queren ferir orgulos de mosteiros.

O P. Pedro Calatayud (1) di que o tempo pasado pol-o abade foron trescentos anos que lle somellaron sere tres horas. Pol-o demais, as características da lenda - bosque, fonte, monxe do Cister - asoméllanse moito ás da nosa, astra na derivación iconográfica, que tamén existe en Leyre.

A engolada sinxeleza, co garimoso mislismo de Xavier Vallejos fixeron unha belida páxina de vello exemplario c'a lenda enmellada de Leyre.

*Picardía.* Localízase no convento de Templairos de Beaucourt i-engádesa á xenreira da xente pr'os Templairos, e ó cambeo d'orde com'en Portugal. Foi recollida por Carnoy (2) no tomo XIII da súa *Literature orale de la Picardie*, de labres de Amedée Debari de Warlois (Somme). Di eisí:

«Un mosteiro de Templairos topábase antano perto de Beaucourt. Os Templairos eran maos monxes, ocupados dos praceres todos e coidando mais no demo que en Deus. Soío un d'entr'eles chamado frei Xohán faguía excepción de todos i-era notado pol-a súa fonda piedade, seu amor pr'os probes i-o pouco interés que tiña pol-os praceres do mundo. Eisí quixo Deus recompensalo arredándoo da morte cruel que os monxes do seu mosteiro sofriron d'ali a pouco.

Un día que frei Xohán estaba, ó seu costume, arredado no bosque viciño do mosteiro pra faguer as suas oraciós e adicarse á meditación, escoltiu perto d'el, sober d'un arbre

baixo do qu'estaba axionllado, un pimpín que asubiaba de xeito cheo de meiguice. O bon monxe esqueceu os pregos e ficou a escolitalo; «como arelaría ficar eiquí douscentos anos a escolital-a vos diviña do pimpín» coidou.

O bon Deus escoltiu os seus pregos. O pimpín cantou moito tempo, e o bon frade ficou a escolitalo todo ise tempo. Os días, as semanas, os anos pasaron; os Templairos foron queimados en castigo dos seus crimes; mais frei Xohán, esquecido no bosque, escoltaba sempre a meiga música.

Os arbres creceron, as ponlas cruzáronse riba da súa testa, a hedra gabeou pol-os troncos e pol-os ramos e gardou ó bon templairo da chuvia, da neve e do sol.

Ó fin, cabo de douscentos anos, o paxaro finou de cantar e voou, e o monxe colleu o camiño do mosteiro, coidando que tiña pasado pouco tempo a escolital-o pequeno cantor. Sen mais matinar, o monxe petou na porta de entrada, o freire torneiro veulle abrir: levaba un hábito descoñecido ó frei Xohán.

- Quén sodes, irmán?

- Qué quén son? Andalí, o freire Xohán!

- O freire Xohán? Descoñecido! Ademais non portadel-o hábito da orde.

- Eu saín hai mais d'unha hora, pra ir pregar a Deus no fondo do bosque.

- Descoñecido!!

Fixérono entrar non embargante, compulsáronse os arquivos dos Templairos e topouse que douscentos anos denantes, pouco tempo diante do suplicio dos monxes, un certo frei Xohán tiña de súpeto desaparecido. O monxe comulgou e morreu d'ali a pouco.»

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.

(Pra rematar no número que ven).

(1) CALATAYUD - *Misiones y Sermones*, Madrid, Bieco, 1784, t. II.  
(2) CARNOY *Literature orale de la Picardie*, t. XIII páxina 145.





# A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

## XI A ARQUITECTURA

Restos da arquitectura-prototípica galega son os Castros, as citanias y-o pouco que queda das construcións que tras dos seus muros abrigaban.

O Castro, lugar forte, verdadeiro castelo d'un clan ou d'unha tribu, construíase case sempre no cume d'un outeiro ou d'un monte, anqu'algús, com'o de Lubre, citado por Angel del Castillo, (1) aparezan emprazados en lugares chairros. A forma é constantemente circular ou oval, y-as obras defensivas estaban constituídas, por singelos terraplés, que deberon estar rematados por parapetos de terra ou por unha ou varias murallas concéntricas, precedidas en ocasións de foso. Construíans' estas murallas con terra e mais geralmente con cachote pequeno, posto en seco, e por excepción con pedras grandes sen labrar, formand'un paramento ciclópeo. Unhas veces, estas obras cinguen sinxelamente a área defendida, con frecuencia aplanada, e partindo a muralla do mesmo plano horizontal, mais n-outros casos praiticában'un corte vertical ou en talude, que chega a ter hasira vinte metros, na ladeira do monte, corte qu'era revestido por un muro que confina as terras e sobresaíndo na cima, servía de parapeto. Semellante xeito construívo, apreclouno Don A. del Llano (2) no castro asturián de Carabia d'idéntico estilo e da mesma época qu'os nosos, y-alcontrouno tamén o señor Gómez Moreno (3) en castros portugueses e da raya zamorana do Douro.

Cand' existen varias murallas ou terraplés case nunca cinguen todas a área fortificada, limi-

tándos'a mais exterior a portegar unha parte d'ela, formand'o que se chama un *ante-castro*. O seu grandor varía moito; o maior dos mencionados por Castillo, mide 350 metros no diámetro máisimo, e 42o mais pequeno na mesma dimensión (1).

O caracte mais saínte d'estes recintos murados, y-o que millor pode distinguilos, é o número das defensas e dos espazos por elas limitados, y-así poderemos clasificalos sen estabrecer co-elo nada definitivo, en Castros de recinto único (fig. 3.<sup>a</sup>), de dobre recinto (figura 4.<sup>a</sup>), de triple recinto (fig. 5.<sup>a</sup>) e de cuádruple recinto de cuio tipo non damos planta y-alzado, por desconocel-o Castro de Viladonga (2), qu'ofrece esta particularidade das catro coroas, e non ter visitado ningún outro de tal xeito.

Dentro da área dos Castros, non aparecen nunca restos abundantes d'habiliacións permanentes. Como já se dixu, na época en que se ergueron, vivían sen dúbida os povos espallados en pequenas aldeas abertas, os *vici* ou *pagus* dos latinos, formados por cabanas de ramallo e colmo de feitura fácil e ligeira. É seguro que cand'a necesidade obrigara á gente d'unha tribu a longa permanencia no seu castelo, ergueríanse dentro d'il chouzas d'esta clase, e coma restos d'elas temos que considerar as áreas de barro aprisoado qu'o señor del Llano (3) observou en Carabia, e cecais tamén as capas d'arcilla qu'asegún Amor Mellán apareceron n-un Castro dos arredores de Lugo (4).

Esta carencia de restos d'habiliacións é tamén o seu grandor, é o que distingue os Castros das Citanias. Pol-o demais, a disposición das defensas, o seu número, y-a forma circular ou

(1) Op. cit. pág. 8.

(2) El Libro de Carabia, Oviedo 1919, pag. 37. Murallas semellantes foron encontradas tamén por Menéndez en castros ortigueiros, vex. Castros prehistóricos de Galicia, loc. cit. ns., s. 9. II, e 12.

(3) Sobre Arqueología primitiva de la región del Duero, B. de la Academia de la Historia, t. XLV, pág. 147.

(1) Op. cit. págs. 8 e 9.

(2) A. del del Castillo, Op. cit. pág. 7.

(3) Op. cit.


(4) Op. cit.

oval, son idénticos nos ús e nas outras. A Citania (1) é a filla do Castro, mais medrada, mais amplia, d'arquitectura ceccais mais cuidada, pero nada da mesma cultura, saída da mesma idea generatriz. As murallas das Citanias son tres (Monterredondo, Falperra, Briteiros), con foso diante (Santa Lucía) ou sin él (San Ciprián de Lás), ou presentan unha solla obra defensiva (Monte das Caldas, ceccais da Santa Tecla). Estas murallas, qu'están feitas de cachote pequeno e posto en seco, y-en ocasiós, coma n-un lenzo de Briteiros, de paramento ciclópeo, presentanse mais ou menos arredadas unhas das outras, chegando a estar tan luntas as duas mais estereiores en San Ciprián

reno (1) ouservou esia clás d'entradas nas citanias do Douro, e tamén parece ser d'iste xeito unha de Santa Tecla cuja fotografia teño á vista, e que presenta particularidade d'estar provista d'unha escaleira. Na cidade de San Ciprián de Lás, hai tamén unha entrada semellante qu'afeuta ós dous muros mais estereiores.

As casas das citanias aparecen já postas sin orde (parte do ponente de Ciprián das Lás), já formando ruas estreitas y-enlousadas Briteiros, Santa Lucía). Algunhas veces, estas casas fallan na parte superior da citania, que s'alcontra ispida d'edificaciós, e provista d'un muro (Santa Lucía).

Semellantes habitaciós podense clasificar



das Lás, que soilo as separa un espazo de 20 metros. Parece ser qu'as Citanias carecían de verdadeiras portas. En xeral, o muro interrúmpese volvéndose car'adentro, formand' unha especie de corredor con baluartes lateráls que se fortificaría seguramente en caso d'ataque, tapand' as entradas con portas ligeiras ou muros provisionáls. O já citado Sr. Gómez Mo-

pol-a sua planta, nos tipos seguintes: circulares ou ovalada (fig. 6.<sup>a</sup>), circulares ou ovaladas c'unha prolongación que lles dá o xeito d'unha castañola (fig. 7.<sup>a</sup>), circulares metidas n-un cadrado (fig. 8.<sup>a</sup>), cadradas ou reutangulares co-as esquiñas arredondeadas (fig. 9.<sup>a</sup>), cadradas ou reutangulares co-as esquiñas angulosas (fig. 10.<sup>a</sup>), varias habitaciós cinguidas por un valado, formando o que Leite de Vasconcellos chama un barrio (fig. 11).

O paramento dos muros das construcións de todos istes tipos, é de cachote pequeno en seco labrado pol-a parte d'afora, feito xeralmente en fiadas horizontáls (fig. 12), ou angulares (fig. 13), coma se vé en Santa Lucía e Monterredondo. As pedras das esquiñas angulares,

(1) A mór parte das nosas referencias en cól das citanias, foron tirada para Briteiros e Sabroso de Martins Sarmento, A Renascença, anos 1878 e 1879 e de Materiaes para a Arqueologia do Concelho de Guimarães, Revista de Guimarães, vols., XIII a XXVI. Pra Santa Luzia, de Leite de Vasconcellos, Cidade velha de Santa Luzia, O Archeólogo Português, vol., VIII, pág., 15 e segs. Pra Falperra, Monte Redondo, Monte das Caldas e demais citanias da região de Braga, de Albano Bellino, Cidades mortas, O Archeólogo Português, vol., XIV págs., 1 e segs. Pra Santa Tecla, de Ignacio Calvo, Monte de Santa Tecla, Madrid, 1920 e pol-o que respecta a San Ciprián das Lás, parte do que digamos está inédito e parte publicado no boletín NÓS, ns. XI a XIII. Facemos ista advertencia co coidado de non repetir constantemente as mesmas citas, bastando d'iste xeito mencionar o nome da esteción pra qu'o lector, poda buscar si quere, o lugar d'onde tiramos a referencia.

(2) Ob. cit.

están labradas y-escadradas coidadosamente. No Santa Tecla, hai unha edificación única feita de grandes laxes.

Atópanse moitas veces, saíndo dos muros casas, pedras acodadas (fig. 14) ou furadas (fig. 15), que debían servir pra prendel-o gando ou pr'encolgal-as redes asegún cree falando das do Tecla, Don Ignacio Calvo.

O grandor das habitacións nunca é moito, 3 a 7 metros de diámetro nas circulares, e de lado maior nas reutangulares. Soilo por excepción s'atopan edificios meirandes, com'un de San Ciprián de Lás que chega ós 12 metros,

Opinan algúis arqueólogos qu'as casas das

dereitos mangados n-unhas pedras provistas pro caso d'unha fura, que se colocaban no centro das casas. Cand'esta pedra non existe, cousa corrente nas edificacións non circulares, a coberta estaría sostida por un'h'armadura apoiada nos muros.

As portas eran de dous getos: feitas rent'ó chao e pechadas con madeiras partidas en dúas follas, que giraban com'os nosos cancelos, en col de dous espigos de madeira ou ferro, medidos en couzós praificados nas lumeiras e soleiras. Soleiras d'iste geto que conservan aínda os seus couzós lateráls y-a fura central pra un pecho, apareceron no Tecla y-en San Ci-



Fig. 6.



Fig. 7.




Fig. 11.




Fig. 8.




Fig. 9.




Fig. 10.

citánias soilo tiñan de pedra a parte inferior, a maneira de zócalo, send'o resto de palla-barro, pero tal caraute non era costante; pol-o contrario, a grande cantidade de cachote procedente de muros esborrallados, qu'a pesar das continuadas depredacións alcóntrase aínda nos xacementos d'esta clás, fai supor qu'a maior parte dos edificios eran totalmente de pedra.

A falla de tégulas e imbrices, amosira qu'os tellados eran de colmo, ó que s'engadía en ocasións, unha capa de barro (algúis anacos d'il, co-as improntas de ramas miudas, atoparonse en Santa Olaya, no grupo Sul dos Castros. (1) Istes tellados sostíñanse por pés

prián das Lás (fig. 16). Outras veces, as portas abríanse a algunha outura do chán, rubíndos'a elas sin dúbida por unha escaleira. Entradas d'iste derradeiro tipo debían telas as casas culas ruiñas non ofrecen solucións de continuidade e que son moitas nas citánias.

Diante das entradas, erguíase ás veces un pendello sostido por seis postes (Brleiros) y-estrado de louxas (Santa Tecla, Santa Lucía).

O piso das casas era o natural ou un eirado d'arcilla apisoada. O fogar púñase n-un extremo, na prolongación, nas habitacións en forma de castañola, ou no centro. Taes fogares están sinxelamente no chao ou n-unha laxé que ten á sua beira outra estreita, ben labrada e mais outa, que presenta n-un exemplar de San Ci-

(1) Santos Rocha, Op. cit.




prían das Lás, duas furas nos extremos (fig. 17) que cecais servirían pra mangar dous paus ou ferros con ganchos, que convirían o conxunto do dispositivo n-unha especie de trasfogueiro. Y-outras ocasións, o fogar está atuada na terra e formado por catro pedras ó geito de ciste (fig. 18).

A citanía, en resumo, non parece ser outra cousa, qu'a juntanza de varios *vicius*, qu'o s'alcontraren en certas condicións de seguridade, emprinciaron a millorar o geito costrutivo dos seus edificios. As casas circulares, o mais característico d'istes habitats, non son mais qu'as cabanas de madeira, palla ou bimbios entretecidos, que paseniamente van trocando pol-a pedra os materiais dos seus muros, an-

tallianos, aparecen elrados reutantangulares (Steinburg, Champs franceses da Lorena) chegando a predominar tal forma nas vilas de la Tene III (Alesia) y-hastra a ser exclusivas n-algunha d'elas (Bibractis).

De todas maneiras, e calquera que sexa o seu orixe e procedencia, as edificacións d'esta clás son minoría nas nosas citanias, ond'as prantas circulares son de cote preferidas, e qu'incruso perduran aínda na nosa terra, no Cebreiro e pol-o menos perduraban hai pouco tempo nas Portillas, na raya ourensana con Caslela.

O conxunto de todol-os datos enumerados, indica qu'os povos que vivían nas citanias eran guerreiros (emprazamento no cume dos



que sin perder endejamais o seu tellado de colmo.

Canto á orixe das casas de pranta reutangular, preséntas'o probrema de saber si son cousa indigena ou aportación forasteira chegada da Bética, por intermedio do grupo Sul dos Castros, ou mais tarde por influxo romano. Das duas suposicións, a primeira é a mais provávele, pois si ben é certo que no mundo céltigo e germano, hai d'abondo prantas circulares (Steinburg, Gadstonbury, Alesia, *fonds de cabannes* (1) da Champaña, relevés da coluna Aureliana) á sua beira, e já en habitats halls-

montes, número e importancia das obras defensivas), e que debían pasala moor parte do seu tempo ó aire libre (cativeza das casas e falla n-elas das comidás mais rudimentarias). As diferencias sociais tampouco s'acusen nas nosas cibdades protohistóricas: nada hai n-elas de semellante ós pazos dos opulentos galos de Bibractis, e pol-a contra as suas casas imitanse unhas ás outras, na feitura y-aínda no grandor, e soilo ademitando qu'as cinguidas por un valado, pertenceran a unha mesma persoa, podemos cojetural-a existencia de gentes cuías habitacións distinguíranse das dos seus convencios.

(1) Vox. Dechelette, Manuel, t. II

Continuaráse



## Encol da Morfoloxía das Vilas Galegas

**U**n estado da morfoloxía - e pol-o tanto da morfoxenia - das Vilas fai-se cada instante mais preciso pol-a oula sinificación dos feitos antrop xeográficos n'os que están intresados cada vez mais a Historia, a Economía, a Psicología da nosa Terra. O problema complica-se hoxe pol-a medra das vilas, a nacementa de complexos de agro e vila, o desenrolo das relacións e outros feitos que van reducindo o estado das unidades naturais. O estudo está dificultado por non verse na vila a relación c'o medeo xeográfico tan limpamente como n'a aldela e pol-a feltura do noso espírito que tende e considerar as vilas como creacións da civilización. Os tipos domiñantes (de casa, agrupación, forma, desenrolo etc.) son malos de estudar nas vilas; é necesario afondar na xeografía hestórica traballando sobre os documentos, e tratando de isolar primeiro e xuntar despois os tipos esenciaes nos desenrols evolutivos das vilas. Así pode-se chegar a un-a boa exposición cartográfica n'a que sexan indicadas entre outras cousas: a) o material de construción (pedra labrada ou non, ladrillo, madeira, palla barro, trechos de pizarra, de tella, de tella prana etc.) b) Os organismos espirituales e de traballo (eirexa, mosteiro, escola, fábrica) c) o carauter da vila (pazos, habitacións, hoteles, centro ou suburbio, formas complexas de vila e agro como currales, hortas, ecétera. E moitas mais categorías pra chegar a un-a representación xénetica n'a que se vería como a vila aventa sucesivamente os seus marcos, ou pol-o contrario vai-se mirando dentro d'eles; como un-as porcións (barrios, rúas) responden as necesidades d'hoxe, outras feitas con outra tendencia acomodan-se as razóns de vida presente, outras (as mais intresan-

tes) quedan mortas, fosiles; n'o cerne ou n'a sombra das porcións vitales.

Reducindo-nos, pol-o de hoxe, á fisonomía das rúas e mirando pro exemplo que temos mais preto, Ourense, contamos pol-o menos, cinco categorías xenéticas de rúas.

I. As impostas pol-o terreo, pol-o río e a sua ponte. As rúas encostadas que baixan car'a Burga, car'o Barbaño; a rúa do Progreso imposta pol-o paso do río, inda que n'este caso complica-se pol-a determinante do camiño.

II. As determinadas pol-as necesidades espirituales e cidadanas; e rúas car'as portas da catedral. Rúas que buscan a praza, corazón da vila cidadana.

III. As impostas pol-o comercio en todol-os tempos o criador mais importante de rúas. Rúas novas car'a estación, carretera de circunvalación, transversales como a que se pensa entre o Seminario e o Liceo coronando un-a agrupación de edificios d'outro tempo ou que pol-o menos non responden as inquietúas presentes da vila; a urbanización das carreteras e hastra dos camiños imposta pol-a medra da dos establecementos comerciais.

IV. As rúas xeométricas dos barrios completamente novos. Exemplo o barrio de *hoteles* da carretera de Ervebelo.

V. As feitas c'un-a finalidade estética ou hixiénica.

Pol-o estado das rúas feito hestoricamente pode-se chegar a atopar o tema esencial da vila, a sua razón de vivir, o xerme primixenio, a característica propia que a aporta do campo. N'iste punto derradeiro non hai un-a lei universal e constante, como tampouco n'o da fixación dos límites da cidade. ¿Cáles son os límites de Vigo ou da Cruña? A categoría oficial

ven sempre *a posteriori*. N'as duas vilas allán-tecas o cerne antigo e ben visibre. Mais en Compostela a vila relixiosa, fidalga, oficial, compriou-se c'a vila de camiño e c'a vila mercantil sen que se formaran órganos novos.

O estudo e de verdade suxestivo. Sobre todo n'a nosa terra n'a que baixo os ollos temos tan diferentes maneiras de creación de vilas. Por conxugación; Arosa. Por desenvolvemento atrautivo da vida de relación: Monforte. E

mil crases d'outro xeito. Cando untra-mos as augas d'un río facendo un suco n'o monte, pensamos que se vai criando un val. Tamén asistimos a creación de vilas por un camiño, un-a fábrica, un balneario, un-a estacion, un porto. N'outro tempo podemos maxinar-nos como se fixeron arredor d'un mosteiro, d'un-a barca, hastra d'un muíño ou d'un mesón.

RAMÓN OTERO

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

LÓSTREGOS, por ANTONIO COUCEIRO FREIXOMIL, Ourense, 1925.

**C**OUCEIRO Freixomil, qu'arastora anda publicando traballos moi bós en col do idioma galego, meditados e documentados coma Deus manda, é un home estudoso e modesto de mais, que ten feito moito labor anónimo nos boletíns, e ten publicado n-un d'escaso espallamento, un traballo histórico dino de nota: *El solar de los Andrade*, no que publicou documentos inéditos e recolleu canto había publicado en col do asunto. Ten moito libro vello de cousas galegas, entérase d'eles a conciencia, e ten pra todo un criterio persoal xusto y-afinado. Non se prodiga nada; é un home metido eu sí que fuxe de qu'o vexan. E, ademais, coma se vé por estas cántigas, de feitiño popular, que lle premiaron no Certame que fixo a Asociación da Impresa de Lugo, polo San Froilán do ano derradeiro, das que Nós deu xa unha pequena proba no número 23, un poeta feito e dereito. É poeta co-a espontaneidade con que o son os mozos da aldeia, co-a espontaneidade con que o é o Pobo Galego. As suas cántigas están pensadas e sentidas en labrego, com'o estiveran as de Leiras Pulpeiro, qu'enantes d'il ilustrou iste xénero. Eiqui xa non é o erudito qu'estuda en Menéndez Pidal y-en Meyer Lübke, en Cubeiro e Valladares y-en García de Diego, en López Ferreiro e nas coleccións diplomáticas; é o home da-aldeia que canta co-a y-alma da aldeia, co-a y-alma enxebre, humorística e filosófica da Raza, coma cantou o vello patriarca mindonense. Cántigas das que moitas han pasar a parecer populares, coma lle pasou ás do Leiras, e non hai millor gabanza.

V. R.

CABALGADAS EN SALSÉS, por F. BOUZA BREY, núm. 14 de *Lar*, A Cruña, 1925.

**N**ON hai dúbida que Xan Quinto foi un bandido dino de Schiller e de Walter Scott. Moito será qu'en terras de Salsés, si agora nono fan, non veña un tempo en qu'amostrén n-algún pzedo o sinal das ferraduras do seu cabalo. Os seus feitos héroicos atoparon hai tempo chanre en Ramón Cabanillas, que perdeu un poema que fixera sobre do asunto; tamén Valle Inclán tirou a cazar iste paxaro tan do seu gusto afezoado ó bravío. Agora atrapouno o Bouza Brey n-un dos instantes máis propios, que non deixaría de dar envexa ó Señor do Caramiñal. E atrapouno ben, que nol-o presenta en toda a súa romántica poesía de rebelde, deixando atrás da súa figura a comenente lonxidade, a perspeutiva de misterio que compre pr'os persoaxes épicos. O Bouza Brey, que sabe faguel-as cousas ben feitas, é ademais dos que se sinten atraguidos polo grande, o mesmo nas letras literarias - perdendo a maneira de falar - que nos seus inquérntos d'erudito, nos que precura de cote o mais fondo e sustancial, e así foi o modo d'ir il fergar n-esta materia épica, ben pouco mollada pol-os nosos escritores. Saíulle unha noveliña fidalgamente escrita que ben val por unha mais longa.

V. R.

Cerveza **MAHOU** A Millor de España  
ALONSO e ALBERTE  
OURENSE

Imprenta LAR. Real, 56 1.º - A CRUÑA



**Dr. MOSTEIRO** Médico  
Odontólogo

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

**A Clínica Dental mais completa de Galicia**

Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) - A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

**DROGUERIA E FARMACIA**

Progreso esquina a Luis Espada  
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

**Plumeiros RAFIUM**

De mais dura que os de pruma e limpa millor  
Véndese en todo os establecimentos do ramo  
Andrés Perille - OURENSE

**Reloxería ZENITH**

Máquinas parlantes, Discos, Agullas  
e Accesorios

**M. Calviño**  
OURENSE



A mais económica de Galicia

**Sanatorio Quirúrgico**

**Direitores:**

**Manuel Peña Rey**  
Ginecología e Partos

**José Mosquera Blanco**  
Cirugía geral  
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten todas as condicións precisas.—Practícase toda clase de operacións.—Dotado de todos os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Auxilios, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.—Lámpara de cuarzo pra sol d'altitud e ultra-violeta pra tratamento d'escrofulosis, raquitismo, alopecia, eczemas, etcétera. Admítese embarazados, e cóntase con material esterilizado pra fora da cidade en casos d'urxencia.—Poden colaborar en todo os compañeiros, previo consentimento dos direitores.

**BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE**

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto  
Macía e Valeiras, Apertado 18--Ourense

# Sanatorio Quirúrgico de Ourense

Direitor: Don **MANUEL POL PIÑEIRO** Cirugía

co-a colaboración dos Doutores

**D. FRANCISCO JOSÉ RIONEGRO DÍEZ**

e

**D. MANUEL BOUZO FERNÁNDEZ**

CIRUGÍA

PARTOS E DOENZAS DA MULLER

Situado na carretera da Loña, practícase n-á toda crés d'operacións de Cirugía xeral, especialidás, ginecología, etc., etc. A pensión é de 10 pesetas diarias, incluída n-ela a manutención, material de curas e visita médica diaria. As operacións e tratamentos especiais serán oujeito de trato auterior.

Hal Gabinete de RAYO X, aparato de DIATERMIA (pra tratam-ss anaxiis, etc.) e o material eléctrico preciso pra diagnósticos e tratamentos.

NOTA: Hal de cote material esterilizado pra operacións d'urxencia pe'os enfermos que non se poidan traer ó Sanatorio, e máis pra partos, adentro e fora da cidade.

pra informes, pódese escribir a calquera dos médicos do establecemento.

**OURENSE**

**Carretera da Loña**

**Teléfono 179**

=====

Lea **L A R** Ademinis-  
vostede **L A R** tración e  
a novela Suscripción a 6 números imprenta  
mensual 1'60 pesetas Real 36-1.º  
**A C R U Ñ A**

Fabricación

Execución

especial de

esmerada

toda sorte

das recetas

de Cristaes

dos seño-

res Médicos

ópticos

Oculistas



(MARCA REGISTRADA)

**Praza Mayor, 18 - OURENSE**

Augas bicarbonatado-sódicas de

**M O N D A R I Z**



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO

— Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das  
estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Octubre



